

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O FOMENTO DA LECTURA DA PRENSA ESCRITA ENTRE O ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES DE GALICIA SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS NO ANO 2026 ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A ENTIDADE EDITORIAL LA CAPITAL, S.L. - DIARIO DE AROUSA.

En Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG número 73, do 14 de abril) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Por outra parte, Don Rubén Ventureira Novo, na súa calidade de apoderado da Editorial La Capital S.L., con CIF B15162068, en virtude de poder outorgado no 12 febreiro de 2025 ante notario de A Coruña, Gonzalo Freire Barral, baixo o número 3.682 do seu protocolo.

As partes recoñécense mutua capacidade para obrigarse e convir, e, para estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que segundo o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, esta é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades; a coordinación do sistema universitario, o fomento e a vertebración das políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación e coordinación de estratexias e programas de I+D+i para a transferencia do coñecemento.

Segundo.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outros entes de dereito público ou privado para a consecución dun fin común, baixo o réxime xurídico establecido no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Terceiro.- Que son conscientes de que un servizo educativo participativo e de calidade debe responder ás novas demandas sociais de modo eficaz, completando a oferta do ensino e fomentando as condicións de igualdade de oportunidades para a formación de toda a cidadanía. Nos tempos actuais a educación integral do alumnado demanda a colaboración de toda a comunidade educativa e outras institucións da sociedade para atender as aspiracións e necesidades do alumnado e familias, especialmente no que atinxe ao desenvolvemento de actividades extra curriculares.

Cuarto.- Que o fomento da lectura é un pilar fundamental que resulta preciso fomentar dende idades temperás co fin de promover que os nenos e nenas adquiran hábitos de lectura e culturais , asumindo a idea da cultura propia de Galicia como un dos principais aspectos da nosa sociedade. O fomento e promoción da lectura resulta un aspecto fundamental que resulta conveniente incluír entre o alumnado galego.

Quinto.- Que a mercantil Editorial La Capital, S.L., ten unha ampla difusión e na súa liña de información en temas de actualidade, quere participar e colaborar no desenvolvemento de programas educativos encamiñados a potenciar e promover a utilización da prensa, como instrumento de formación complementaria do alumnado galego a través de actividades extra curriculares, desde a súa edición especial para Galicia, acción que ámbalas dúas partes xulgan de relevante transcendencia e interese xeral. Esta acción formativa, polo seu carácter non formal, pode resultar o medio mais axeitado para achegar a lectura ao alumnado galego, de xeito que sexan os propios alumnos e alumnas os que descubran por si mesmos, a través da utilización da prensa, os valores culturais propios de Galicia.

Sexto.- Que os centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos que imparten cursos de Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Educación Especial e/ou Formación Profesional terán á súa disposición o xornal editado pola entidade mercantil como material de apoio básico nas actividades extra escolares referidas á prensa nas aulas como medio que favoreza as garantías de éxito académico, grazas á difusión, promoción e divulgación de noticias de carácter educativo que propicien unha mellor formación do alumnado nunha sociedade desenvolvida.

Polo exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos medios e mecanismos concorrentes para a súa consecución, as dúas partes acordan celebrar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Finalidade do convenio.

Este convenio ten por finalidade contribuír ao desenvolvemento dun programa educativo encamiñado a potenciar e promover a utilización da prensa escrita como un instrumento de formación complementaria do alumnado, a partir de iniciativas que posibiliten hábitos de lectura dende unha idade temperá e fomenten o desenvolvemento da súa conciencia crítica como cidadáns e o seu interese polos valores culturais do pobo galego.

A tipoloxía das actividades que se leven a cabo en base a este convenio serán de carácter extra curricular e favorecerán a aprendizaxe na selección, análise e interpretación das noticias publicadas no seu xornal en formato papel, particularmente daquelas relacionadas coa educación, a igualdade de oportunidades e o uso da lingua galega no sistema educativo.

Segunda.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto colaborar na difusión de información cultural, educativa ou/e social entre o alumnado dos cursos de Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Educación Especial e/ou Formación Profesional dos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos mediante as actuacións que se establecen na estipulación cuarta.

Terceira.- Orzamento e financiamento.

De acordo cos datos facilitados pola entidade mercantil, o orzamento das actividades previstas neste convenio ascende a un total de **9.200,00€**, que será sufragado coa achega de ambas as dúas partes, que se distribúe do seguinte xeito:

CONCEPTO	CUSTO TOTAL
Cobertura xornalística e gráfica	1.200,00 €
Deseño, fotomecánica, pranchas	3.000,00 €
Impresión	2.200,00 €
Custo do persoal participante neste programa	2.800,00 €
TOTAL (IVE incluído)	9.200,00 €

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional comprométese a financiar un importe máximo de **2.172,97€** á entidade mercantil para compensar parte dos custos nos que incorra para a realización das actividades derivadas deste convenio.

A achega imputarase á aplicación orzamentaria 07.01.423A.640.0 correspondente a créditos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026.

As ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

O expediente é de tramitación anticipada de gasto, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, conforme ao proxecto de Lei de Orzamentos para o exercicio 2026, que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 17 de outubro de 2025, e ao abeiro do establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, xunto co artigo 117.2 da LCSP.

Cuarta.- Obrigas das partes.

1. Serán obrigas da entidade mercantil:

a) Publicar semanalmente información relacionada con temas de educación, con especial fincapé nas políticas de igualdade de oportunidades, calidade, estratexias e accións de innovación e boas prácticas nas diferentes etapas formativas, concretada nunha sección ou grupo de artigos de dedicación a estes temas. Os contidos que se publiquen de acordo co presente convenio deberán ser respectuosos cos principios de neutralidade política e lealdade constitucional e, mais en particular coas limitacións e prohibicións establecidas no artigo 4 da Lei 29/2005, do 29 de decembro, de Publicidade e Comunicación Institucional.

b) Distribuír como mínimo un exemplar do seu xornal (Diario de Arousa) polo menos un día á semana nos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos que imparten cursos de Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Educación Especial e/ou Formación Profesional, incluídos na relación de centros que lle proporcionará a consellería. Procurarase que o día de distribución coincida no día de publicación da información á que se refire a letra a) anterior. En todo o caso, os exemplares deberán repartirse en días que teñan a consideración de días lectivos segundo o calendario escolar publicado pola consellería competente en materia de educación.

O número total de exemplares a distribuír durante a vixencia do convenio será de 8.657 exemplares.

A previsión de distribución de exemplares por mes é a que se relaciona na seguinte táboa. Esta previsión poderá verse alterada cunha porcentaxe de variación do 30%, agás no mes de decembro, no que o número total de exemplares que se distribúan deberá coincidir exactamente co estipulado no convenio.

Mes	Unidades previstas
Xaneiro	975
Febreiro	975
Marzo	1.089
Abril	1.031
Maio	1.147
Xuño	631
Setembro	-
Outubro	1.261
Novembro	1.089
Decembro	459
TOTAL	8.657

Excepcionalmente, e por causas de forza maior debidamente xustificadas, poderá modificarse a porcentaxe de variación para meses determinados.

c) Fixar a liña editorial e asumir a responsabilidade editorial dos contidos publicados, non podendo a Consellería determinar o contido concreto da información publicada.

d) Conservar os documentos xustificativos das accións realizadas, incluídos os xustificantes das entregas dos exemplares dos xornais nos centros educativos correspondentes, que estarán a disposición da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para que, no seu caso, poidan realizarse as actuacións de comprobación pertinentes.

2. Serán obrigas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:

- a) Pagar o importe correspondente, logo da xustificación da execución total ou parcial das accións a desenvolver, e de acordo co establecido neste convenio para os pagamentos.
- b) Proporcionar á entidade mercantil os datos e a documentación que se lle requiran e que garantan a obxectividade e veracidade da información.

Quinta.- Protección da infancia e das mulleres. Igualdade de xénero.

A entidade mercantil, de acordo coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, para unha mellor protección dos rapaces e rapazas e cara á non discriminación das mulleres, buscará a progresiva redución e limitación de anuncios dos chamados "contactos" cara a súa progresiva eliminación, especialmente entre os exemplares que se distribúan nos colexios. En todo caso nestes exemplares eliminaranse as fotografías que se puideran incluír neste tipo de anuncios.

Igualmente incorporará progresivamente a perspectiva de xénero no ámbito da difusión da información.

Sexta.- Plena integración das persoas con discapacidade.

A entidade mercantil prestará especial atención á promoción de actitudes e condutas positivas para conseguir unha visualización axeitada das persoas con discapacidade, reforzando a súa imaxe e contribución á sociedade.

Sétima.- Normativa lingüística.

Todas as accións e actividades que se realicen en galego ao abeiro deste convenio levaranse a cabo de acordo co contemplado na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e de acordo coa normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego aprobada pola Real Academia Galega o 12 de xullo de 2003.

Oitava.- Pagamento e xustificación.

1. Pagamentos. Os pagamentos se realizaran en función do grado de execución do convenio, de acordo co número de exemplares distribuídos e o custo unitario por exemplar.

Non se aboaran aqueles exemplares distribuídos que excedan do total establecido para todo o período de vixencia deste convenio.

2. Pagamentos parciais. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional efectuará pagamentos mensuais. A entidade mercantil achegará a seguinte documentación:

a) Certificación detallada asinada electronicamente pola persoa responsable da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio, correspondente aos pagamentos parciais.

b) Declaración responsable da realización parcial das actividades (Anexo I).

3. Pagamento final. Unha vez rematado o convenio presentarase:

a) A documentación correspondente ao último mes de vixencia do convenio.

b) Unha memoria económica do custo final soportado desagregado por conceptos.

c) Unha memoria xustificativa de todas as actuacións realizadas xunto coa documentación acreditativa.

4. Presentación da documentación adicional.

De acordo co artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común, é obrigatorio presentar a documentación asociada (isto é, o anexo I cumprimentado e a xustificación da información publicada ao abeiro do convenio), por medios electrónicos.

Os anexos, as memorias e o resto de documentación xustificativa deberá presentarse obrigatoriamente no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia dispoñible na sede electrónica (<https://sede.xunta.gal/rexistro-electronico>), a través do modelo de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non dispoñan dun sistema electrónico específico nin dun modelo electrónico normalizado (código de procedemento PR004A).

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, diminuírase proporcionalmente.

Novena.- Avaliación e seguimento. Comisión mixta.

Co fin de realizar o seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta de avaliación e seguimento, que estará integrada por dous representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación

Profesional, un dos cales actuará como presidente, e outros dous da entidade mercantil. No caso de empate nas votacións da comisión, dirimirá o voto da persoa que exerza a presidencia.

A comisión reunirse a petición de calquera das dúas partes.

A actuación da Comisión axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décima.- Publicación.

Os datos básicos relativos a este convenio serán publicados de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Os datos identificativos das entidades integraranse en ficheiros informáticos para os efectos oportunos, podendo os interesados exercer os dereitos recoñecidos con carácter xeral na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa de desenvolvemento.

Décimo primeira.- Vixencia do convenio.

O presente convenio estará vixente desde a súa sinatura ata o 15 de decembro de 2026 e non será prorrogable.

Durante o período do 16 de xuño ao 30 de setembro, ambos incluídos, non se realizarán as actuacións previstas no obxecto deste convenio. Este período poderá adaptarse tendo en conta as datas de impartición efectiva de clases segundo o calendario escolar que estableza a consellería competente en materia de educación.

Décimo segunda.- Causas de resolución.

Serán causas de extinción do presente convenio, de acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

Décimo terceira.- Modificación do convenio.

De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou, no caso de que este convenio teña carácter plurianual, a ampliación do seu prazo de execución.

De acordo co artigo 4.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou superávit estrutural en termos de capacidade de financiamento acorde coa definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

As modificacións do presente convenio requirirán o acordo unánime dos asinantes.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décimo cuarta.- Relación laboral. Resultados conxuntos.

A subscrición do presente convenio non suporá a existencia dunha relación funcional, laboral ou de calquera outro tipo entre a Administración e o persoal da entidade mercantil que vaia desenvolver as actividades, de maneira que non se lle poderá esixir á Xunta de Galicia ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Para o caso de utilizar materiais e/ou documentos básicos elaborados conxuntamente polas partes asinantes serán de titularidade e uso común, sen prexuízo dos dereitos de propiedade intelectual que, de ser o caso, os protexan fronte a terceiros.

Décimo quinta.- Réxime xurídico.

O presente convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6. O seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e pola normativa que resulte de aplicación.

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar. Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación, modificación, resolución e efectos das cláusulas deste convenio, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, serán competentes os órganos xudiciais da orde contencioso-administrativa.

Décimo sexta.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sétima.- Notificación electrónicas

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder

a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

En proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes comparecentes asínano dixitalmente.

Pola Consellería

Por Editorial La Capital, S.L.

O conselleiro

P.D. (Orde 5/06/2024, DOG núm. 114, do 13 de xuño)

O secretario xeral técnico

Rubén Ventureira Novo

Manuel Vila López

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA REALIZACIÓN PARCIAL DAS ACTIVIDADES

**CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O FOMENTO DA LECTURA DA PRENSA ESCRITA
ENTRE O ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES DE GALICIA NO ANO 2026.**

D/Dª con DNI número, en calidade deda entidade editora do xornal.....,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE, nos termos establecidos no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas,

1. Que durante o mes de esta empresa realizou as actividades obxecto do convenio de referencia, nos termos sinalados na estipulación sobre as obrigas das partes.
2. Que os datos de distribución do xornal son os seguintes:

CENTRO EDUCATIVO	Nº DÍAS DE REPARTO	EXEMPLARES DISTRIBUÍDOS
TOTAL EXEMPLARES		

En..... de de.....

(Sinatura)